

**PUNTUACIÓN DA CONTRATACIÓN DO ALUGUER DA DECORACIÓN DE
NADAL (Lote 3)**

ACTA MESA CONTRATACION

Na reunión mantida pola mesa de contratación de 11 de novembro de 2019, no que respeita o Lote 3 do contrato de *"aluguer dunha carpa con instalación de tarima, enmoquetado, planchada de escenario, iluminación e climatización; decoración de nadal; instalación de equipos de son; e contratación de servizo de seguridade con motivo de actividades previstas para a celebración das Festas de Nadal 2019-2020 no concello de Sanxenxo"*, acordouse requirir a sociedade Barafunda, S.L. (lote 3) que formulou unha oferta anormalmente baixa, para que no prazo de tres días hábiles xustificase plena e oportunamente a viabilidade da súa oferta.

Con data 15 de novembro, a sociedade presentou no Rexistro do Concello de Sanxenxo a xustificación do prezo ofrecido nesta licitación.

Analizada a documentación presentada polo Comité de Expertos, considérase suficientemente xustificada a viabilidade da oferta presentada por Barafunda, S.L.

No Salón de Plenos do Concello de Sanxenxo, sendo as 10:00h. do 20 de novembro de 2019, reúnense os membros da mesa de contratación, de conformidade coas resolucións de presidencia de Turismo de Sanxenxo S.L. da datas 16 de outubro e 5 de novembro de 2019, son os seguintes:

- D. MARCOS GUIASOLA PADIN, Presidente substituto da mesa e vogal de Turismo de Sanxenxo, S.L.

- DNA. TERESA AMADO, funcionaria de intervención do Concello de Sanxenxo e vogal da mesa, por delegación do Interventor Xeral da entidade e do Concello de Sanxenxo.
- D. JOSE MANUEL REY RIAL, funcionario xurídico do Concello de Sanxenxo e vogal da mesa, en calidade de asistente xurídico.

A. Puntuación das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor.

No informe que asina o Comité de Expertos nomeado no Expediente 4/2019 outórgase a seguinte puntuación total as ofertas presentadas polos licitadores do Lote no Sobre B.

Lote		Licitador	Puntos
3	Aluguer de decoración de Nadal	Viveiros O Piñeiro, S.L.	65
		Barafunda, S.L.	40

B. Puntuación da proposicións avaliábeis mediante fórmula.

As ofertas presentadas polos licitadores no sobre C, son as que se indican a continuación:

Lote	Licitador	Prezo (sen IVE) (€)	IVE (€)	Total (€)
3	Viveiros o Piñeiro, S.L.	18.515,00	3.888,15	22.403,15
	Barafunda, S.L.	13.957,85	2.931,15	16.889,00

Puntuación das ofertas económicas

As proposicións son avaliadas de acordo coa fórmula que se indica na cláusula 8 apartado B.1 do Prego de Cláusulas Administrativas, que indica que o prezo ofertado polos licitadores, IVE excluído, valorarase cun máximo de 25 puntos segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Valoración} = 25 \times \frac{\text{Oferta mais económica}}{\text{Oferta do licitador}}$$

Da aplicación da fórmula, resultan as seguintes puntuacións:

Lote	Licitador	Prezo (sen IVE)	Puntos
3	Viveiros o Piñeiro, S.L.	18.515,00	18,85
	Barafunda, S.L.	13.957,85	25

Puntuación total das ofertas


Lote	Licitador	Puntos Sobre B	Puntos Sobre C	Total Puntos
3	Viveiros o Piñeiro, S.L.	65	18,85	83,85
	Barafunda, S.L.	40	25	65

C. Conclusión

Atendendo o indicado, **a Mesa de Contratación APROBA:**


- i. Propoñer como adxudicatarios do lote 3 a empresa Viveiros o Piñeiro, S.L. por ser a oferta que mellor satisfacen os intereses de Turismo de Sanxenxo, S.L.**
- ii. Requiritr a sociedade Viveiros o Piñeiro, S.L. para que, no prazo de 10 (dez) días hábiles presente a documentación que se relaciona na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.**

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 10:30h., levántase a sesión da Mesa de Contratación, recolléndose o contido da mesma no presente acta, que emito eu, a secretaria, có visto e prace do Sr. Presidente.



Romina Fernandez Pena.

Secretaria da Mesa de Contratación



Marcos Guisasola Padín.

Presidente da Mesa de Contratación